

## **REPSOL PREPARA A CONSTRUCCIÓN DO PANTALÁN DE LANGOSTEIRA**

- **A adjudicataria da obra mariña, Sacyr, trae ao Porto exterior un dique flotante que fabrica caixóns de formigón que servirán de base para o peirao de descarga de cru de Repsol.**
- **O peirao contará cunha liña de atracada para buques petroleiros ata 200.000 toneladas.**

Repsol prepara a construción do peirao de graneis líquidos en Punta Langosteira, obra que executará a empresa Sacyr. Esta compañía completará a enxeñería de detalle nas próximas semanas, está a iniciar a construción dun cargadeiro e acaba de traer desde Lisboa un dique flotante que desde esta semana está atracado no Porto Exterior.

Neste buque construíranse os caixóns de formigón que serven de base para os peiraos, polo que dará servizo tanto para a obra mariña de Repsol, que incluírá un pantalán para atracada de buques petroleiros ata 200.000 toneladas; como para a construción do novo peirao de 350 m. que vai realizar a Autoridade Portuaria en Langosteira.

O dique flotante, que ten unha eslora de 56 metros e unha manga de 36, conta cunha planta de formigón, un encofrado deslizante, dous guindastres de ata 50 metros de altura e 60 de pluma, e bombas de formigón, así como talleres e instalacións.

A obra mariña de Repsol ten unha duración prevista de 16 meses. A construción levará a cabo mediante caixóns prefabricados de formigón armado, que se situarán sobre un leito de dique. Construíranse un total de 20 caixóns, de 5 tipos distintos. Trátase de estruturas equivalentes a edificios de 10 alturas, cunha superficie en planta que irá desde os 300 ata os 750 m<sup>2</sup>.

O material do leito de dique, base sobre a que se colocarán os caixóns, transportarase ata a zona de construción, mediante barcos (gánguiles) que utilizarán un cargadeiro, que tamén está a construír Sacyr.

Repsol investirá 126 millóns de euros no proxecto de traslado ao Porto Exterior das descargas de cru, que inclúe esta obra mariña, a construción do poliducto e as súas instalacións auxiliares, así como algunhas modificacións na refinería.